

**ACTA DA REUNIÓN DO 8 DE OUTUBRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTERPRETACIÓN DA LINGUA DE SIGNOS.**

**PRESIDENTE:**

D. Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia

**VOGAIS:**

Dª. María Aneiros González  
Letrada do Parlamento de Galicia

Dª. Carolina Costoya Pardo  
Directora da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

**SECRETARIO:**

D. Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento, ás 12,51 horas do **8 de outubro de 2015**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos para a prestación do servizo de interpretación da lingua de signos.

**Orde do día:**

Punto primeiro.- Estudo a avaliación do informe técnico relativo a documentación presentada nos sobres B (Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor).

Punto segundo.- Comunicación da puntuación obtida polas empresas en base aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

Punto terceiro.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

**Desenvolvemento da reunión:**

Punto primeiro.- Estudo a avaliación do informe técnico relativo a documentación presentada nos sobres B (Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor).

A Mesa de Contratación estuda o informe técnico elaborado polo Servizo de Réxime Interior no que se constata que a UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982 ofrece no sobre "B" unha bolsa de 150 horas para mellorar diversos aspectos do servizo.

A oferta dunha bolsa de horas incluídas no prezo para o desenvolvemento e a atención de tarefas extraordinarias é un dos criterios cuantificables mediante aplicación de fórmulas que, polo tanto, habería que incluír no sobre C. Segundo o prego, no sobre «B» non se podía incluír información que permitira coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían con base nos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas, que debía incluírse no sobre «C»; o

incumprimento desta condición por parte dunha proposición daría lugar á súa exclusión automática do procedemento de adxudicación.

A Mesa de Contratación examina e estuda a Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de novembro de 2009, as resolucións 14/2010 e 233/2011 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, a Sentenza da Audiencia Nacional de 6 de novembro de 2012, e o Ditame Consello de Estado do 11 de xullo de 2013, dos que se conclúe o seguinte:

- Que non constitúe causa de exclusión toda introdución de documentación en sobres distintos dos indicados, senón que é necesario que para que se produza devandito efecto excluínste, que se produza unha violación da obxectividade da actuación dos técnicos como consecuencia da concreta documentación incorporada en sobre distintos.
- A exclusión do licitador debe producirse no caso de que se houbera conculcado o principio de igualdade de trato, é dicir, que o coñecemento dese dato, influíse na valoración da documentación técnica incluída no sobre B
- A importancia do segredo das proposicións, non é un obxectivo en si mesmo, senón que ten como finalidade a de garantir que o coñecemento sucesivo da documentación relativa aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e da referida aos parámetros avaliábles de forma automática, favoreza a obxectividade da valoración e con iso a igualdade de trato dos licitadores, polo que é necesario ponderar as circunstancias concorrentes á hora de excluír ofertas que incumpran ou cumpran defectuosamente os requisitos formais de presentación da documentación.
- A exclusión está xustificada cando o incumprimento ou cumprimento defectuoso de tales requisitos, incluído o segredo das proposicións na a licitación pública, menoscabe a obxectividade da valoración e o tratamento igualitario dos licitadores como valores que se trata de preservar mediante o devandito segredo, pero non o está cando non se viu afectado sustantivamente o principio de igualdade de trato.

A Mesa de Contratación entende, por unanimidade, que debe ser o órgano de contratación quen estude e decida en función dos supostos fácticos presentes en cada caso, e que nesta ocasión, á vista das circunstancias concorrentes e da xurisprudencia e antecedentes analizados, débese non excluír á UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982, ao entender que a inclusión da dita información no sobre B non tivo influencia na avaliación realizada polos técnicos nin conculcou a obxectividade da valoración nin o principio de igualdade de trato, e non sendo suficiente a dita información para determinar automaticamente a súa puntuación.

Así mesmo, asume o resto do contido do informe técnico e a atribución da puntuación proposta.

A continuación invítase a que accedan á sala os representantes presentes das entidades concorrentes:

D. David Fernández García (dni nº 76412075A), en representación da UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982.

D. Iker Sertucha Liste (dni nº 32822404R), en representación de Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, acompañado por unha intérprete.

Punto segundo.- Comunicación da puntuación obtida polas empresas en base aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que non se procederá á lectura do anuncio de licitación por terse cumprimentado este trámite na sesión pública de apertura dos sobres B.

Informa que o 14 de setembro celebrouse a sesión pública de apertura dos sobres "B" e posteriormente a documentación neles contida foi trasladada á unidade administrativa competente do Parlamento de Galicia para a súa valoración.

Comunica que, logo de analizado o correspondente informe técnico de avaliación efectuado por esa unidade, que asume a Mesa de Contratación, determínase a atribución da seguinte puntuación:

ENTIDADE	Puntuación
UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982	13
Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	21

Punto terceiro.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas").

O presidente invita aos presentes a que examinen os sobres "C", e comproben que se atopan pechados e nas condicións nas que foron entregados. Informa que poden efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas antes de proceder á apertura dos sobres pero que unha vez iniciada, non se admitirán interrupcións.

Procédese a continuación á apertura dos sobres presentados. O secretario anuncia aos presentes as ofertas contidas nos respectivos sobres, que son as seguintes:

<b>Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia</b>	
1. Sesión plenaria ou acto de dous días de duración	
Prezo	2.031,89 €
IVE	
2. Sesión plenaria ou acto de día e medio de duración	
Prezo	1.381,89 €
IVE	
3. Sesión plenaria ou acto dun día de duración	
Prezo	885,54 €
IVE	
4. Sesión plenaria ou acto de medio día de duración	
Prezo	442,77 €
IVE	

Bolsa de horas incluídas no prezo para o desenvolvemento e a atención de tarefas extraordinarias	50 horas
--	----------

<b>UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982</b>	
<b>1. Sesión plenaria ou acto de dous días de duración</b>	
Prezo	2.044,22 €
IVE	429,29 €
<b>2. Sesión plenaria ou acto de día e medio de duración</b>	
Prezo	1.502,05 €
IVE	315,43 €
<b>3. Sesión plenaria ou acto dun día de duración</b>	
Prezo	995,88 €
IVE	209,13 €
<b>4. Sesión plenaria ou acto de medio día de duración</b>	
Prezo	485,49 €
IVE	101,95 €

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 13,09 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a acta, no lugar e data indicados.



Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente



Carolina Costoya Pardo  
Vogal



María Aneiros González  
Vogal



Santiago González Serrano  
Secretario